

Festa da Praia do Ézaro

Redacción

A praia do Ézaro volve converterse esta fin de semana nun dos grandes puntos de encontro do verán en Dumbria. A 39ª Festa da Praia arrancará o sábado 1 de agosto cun amplo programa de actividades infantís, xogos, música e propostas tradicionais, ás que se sumará pola noite un dos reclamos máis singulares da comarca: o espectáculo de luz e son que iluminará a fervenza.

A programación comezará ás 16.00 horas no paseo marítimo con obradoiros infantís de manualidades, xogos de habilidade para todas as idades e inchables. Ás 19.30 horas, a compañía Enredos presentará *A Vela Circo*, un espectáculo pensado para completar unha tarde de lecer en familia.

Coa chegada da noite, a actividade trasladarase á contorna da Fervenza do Ézaro. A partir das 22.15 horas, a Gallaecia Small Band ofrecerá un concerto cun repertorio de soul, jazz, chachachás, boleros e mambos. Só quince minutos despois, ás 22.30, comezará a iluminación da fervenza, que se prolongará ata as 00.30 horas.

O espectáculo audiovisual, titulado *O eco do Ézaro*, emprega a auga, a pedra e a vexetación como un enorme lenzo natural. A música e as imaxes acompañan a caída da auga nunha posta en escena que lles dá voz á paisaxe e á memoria do territorio.

O enclave ofrece un marco difícil de igualar. A fervenza do Ézaro forma un salto duns trinta metros sobre o granito antes de desembocar directamente no mar, unha singularidade xeográfica que

Dumbria énchese de xogos, música e luz ao pé da fervenza

A celebración chega esta fin de semana á súa 39ª edición cun programa para todas as idades e un espectáculo sobre o salto do Xallas como gran reclamo

CEDIDA



Espectáculo audiovisual que se proxecta na fervenza do Ézaro, un dos espazos naturais máis recoñecibles de Galicia.

converte este recuncho de Dumbria nun dos espazos naturais máis recoñecibles de Galicia.

A festa continuará mañá domingo desde o mediodía. Entre as 12.00 e as 13.30 horas, e de novo entre as 16.00 e as 20.00, os máis pequenos poderán participar en *TransPorta*, a proposta de Garabato de Xogos, ademais de continuar cos obradoiros, os inchables e os xogos de habilidade.

Un dos momentos máis agardados será a sardiñada popular, amenizada pola música tradicional de Longarela. Pola tarde, a praia acollerá os clásicos xogos de cadeiras, sacos e corda, ademais do popular baile do cañoto. A animación musical correrá a cargo de DJ Matrek e da orquestra Nueva Fuerza.

«É unha festa familiar, con actividades de todo tipo: culturais, musicais e deportivas, e orientadas, sobre todo, á cativada», explica Raúl González, alcalde de Dumbria. «Hai uns anos decidimos cambiar o modelo de celebración e deixamos aquela multifesta de tres días que se nos escapaba das mans para volver a unha festa máis familiar, pensando nos veciños do Ézaro e na extraordinaria contorna que temos e que debemos coidar», engade.

Así, natureza, diversión e tradición volven darse a man nunha festa que cada primeiro fin de semana de agosto reúne veciñanza e visitantes arredor da praia e da fervenza. Unha celebración que se completa co espectáculo nocturno capaz de converter unha das paisaxes máis extraordinarias da Costa da Morte nun relato de luz, auga e lenda.■

39ª FESTA DA PRAIA DO ÉZARO

1 e 2 agosto 2026

Sardiñada - Gallaecia Small Band (soul, jazz, chachachás, boleros, mambos...) - Enredos - A Vela Circo (circo - acrobacias) - Garabato de Xogos - Orquestra Nueva Fuerza - DJ Matrek - Música tradicional con Longarela - Inchables - Xogos Tradicionais - Obradoiros Infantís - Xogos de Habilidade

Concello de Dumbria

REDE CULTURAL

piensos Dumbria

Nuestros alimentos nos hacen crecer

981 741 507

Lugar da Oliveira s/n
15151 Dumbria - A Coruña

oforcado
CERVECERIA - HELADERIA

Ctra. General, 72
15297 Ézaro - Dumbria
Telf. 981 71 25 96
oforcadoezaro@gmail.com

LIRES CONS